

SÉCULOS ESCUROS

Recibe o nome de *Séculos Escuros* un período histórico que abrangue os séculos XVI e XVII, a finais do século XVIII falamos de Ilustración. Caracterízase polo estado de prostración e marxinación social do idioma galego, a raíz da imposición do castelán, e pola ausencia “case total” de literatura culta escrita na nosa lingua, que se reduce a unas poucas mostras renacentistas e barrocas. Ambos os fenómenos insírense nun proceso de marcada marxinación política e de progresivo empobrecemento económico do noutro próspero e poderoso Reino de Galiza. A estrutura social aínda era a do antigo réxime, polo que as grandes clases sociais eran a nobreza, o clero e o campesinado, que seguía pagando grandes impostos en forma de foros.

A vitoria de Isabel a Católica na loita dinástica contra Xoana “a Beltranexa” (1480) levou a que, desde finais do s. XV, as clases dirixentes da Galiza, tanto eclesiásticas como civís, fosen de orixe castelá, a nobreza galega é substituída por outra vida de fóra, que traen consigo o castelán, están están submidas a un poder cada vez máis centralizado.

Como consecuencia da dominación e marxinación política, do fenómeno masivo da emigración e da pobreza en que vivían amplas capas da poboación galega, nacerá no resto da Península unha imaxe do galego como un pobo mísero, atrasado, inculto e carente de calquera virtude, así como unha visión da Galiza como terra inhóspita e fea. Esta consideración despectiva de Galiza e dos galegos está abundantemente representada tanto no refraneiro como na literatura española do Renacemento e do Barroco, da man de autores como Tirso de Molina, Lope de Vega, Quevedo, Góngora... Podíanse escoitar neses séculos frases do tipo... “*A gallego pedidor, castellano tenedor*”; “*¿Rogaste a gallegos?. Ya no puedes venir a menos*”; “*Antes puto que gallego*”; “*Ay, gallega, rolliza como un nabo / Entre puerca y mujer, que baja al río*”; *En todos los países de que hablé largamente corren rumores de que en Galicia [...] todas las mujeres son prostitutas*”...

Existiron moi poucos textos que replicasen tantos insultos e ataques de intención acomplezadora. Entre estes destaca a obra *El buho gallego* (1620), atribuída ao VII Conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro. A citada obra é unha alegoría política na que o moucho, que simboliza a Galiza, debate con outras aves representantes doutras zonas da Península para proclamar a inxustiza con que o reino galego era tratado.

Como consecuencia, durante os Séculos Escuros rompeuse a homoxeneidade lingüística que existira na sociedade galega na época medieval. A partir do século XV produciuse a imposición paulatina do castelán en Galiza, en paralelo a unha progresiva marxinación do galego. A situación sociolingüística caracterizouse polos seguintes trazos:

A nosa lingua pasou a ser de uso exclusivamente oral e coloquial. O uso escrito do galego (en gremios, notaría, confraría, mosteiros etc.) desapareceu por completo durante a primeira metade do século XVI. Aínda así imposición do castelán en Galiza avanzará a ritmo moi lento, exclusivamente nas capas altas da sociedade (nobreza, xerarquía eclesiástica e militar, alto funcionariado).

Estamos, pois, ante unha situación diglósica cunha lingua A, o castelán, ignorada pola práctica totalidade dos galegos e galegas pero usada polos que gobernan a sociedade, e unha lingua B, o galego, coñecida e usada oralmente por case todos e todas, pero minusvalorada socialmente. Consecuencias directas desa marxinación do galego dos ámbitos elevados e os usos escritos foron:

- A progresiva fragmentación dialectal do idioma ao carecer dun modelo culto de referencia, aprendido e imitado por todos. Desde o Renacemento e ata o século XVIII, as principais linguas románicas van fixando a súa norma culta a través de gramáticas, dicionarios e a extensión dun uso literario común. Isto non ocorre no caso do galego, que só comezaría a ser estudado e fixado a mediados do século XIX. Entre tanto, a lingua oral evoluciona dando lugar a unha gran diversidade xeográfica.
- Neste período consolídanse evolucións fonéticas que afastan o galego do portugués, como a gheada, a desaparición das vogais nasais, a aparición do fonema interdental xordo, a redución da oposición entre fricativas sonoras e xordas etc.
- A ruralización e castelanización do léxico. Ao non haber cultivo escrito nin uso en ámbitos cultos, o vocabulario galego quedou circunscrito a áreas da vida social moi concretas, vinculadas ás actividades e ao medio agrario-mariñeiro. A presión do castelán sobre a nosa lingua provocou interferencias, sobre todo, no plano léxico. Ese galego contaminado polas interferencias recibiu coloquialmente o nome de “castrapo”.
- Castelanización da onomástica (antropónimos e topónimos)
- A imposición do castelán na Galiza afectou tamén á súa propia imaxe e consideración. O galego, vítima da marxinación dos ámbitos cultos e formais, acabará converténdose nun idioma desprestixiado. Isto leva consigo a aparición, en amplas capas da poboación galega, dun sentimento de autodesprezo ou autoodio, que se traduciu na minusvaloración sistemática do propio en favor do alieo e na interiorización dun sentimento de inferioridade. O galego pasou a ser sentido polos propios falantes como lingua incapaz de asumir funcións de prestixio e cultura.

A LITERATURA POPULAR GALEGA NOS SÉCULOS ESCUROS

Durante os séculos XV, XVI, XVII e XVIII a literatura galega que houbo foi case exclusivamente de carácter oral, popular e anónima. Ao se conservar unicamente a través da memoria colectiva, a maior parte dela aca bou por desaparecer, vítima do esquecemento. Unha pequena porción foi recompilada e salvada por ilustrados como o Padre Sarmiento ou o Padre Sobreira e, xa no século XIX, por eruditos como , Manuel Murguía, Marcial Valladares ou Xoán Antonio SacoArce.

A literatura oral popular foi pouco apreciada. Sen embargo, encerra uns valores moi importantes:

- É un tesouro estético e estilístico.
- É un documento sociohistórico sobre unha forma de vida e unha cosmovisión que permaneceron durante séculos.
- É un documento lingüístico importantísimo, xa que recolle a lingua viva do pobo. Destaca o repertorio léxico, tanto o vocabulario como a fraseoloxía.
- Encerra a sabedoría popular dunha sociedade que construíu unha cultura propia. Destacamos a función didáctica de trabalinguas, adiviñas, contos e refráns.
- A autoría feminina de boa parte das composicións converte a literatura popular nun exemplo de construción dun discurso propio, que na literatura escrita non se produciu. Son habituais as cantigas onde as mulleres se autoafirman como colectivo polas súas calidades morais e físicas, polas súas virtudes como artistas etc.
- Inflúe en boa medida na literatura culta desde o Rexurdimento ata os nosos días, como poñen de manifesto os *Cantares Gallegos* de Rosalía ou, xa no século XX, a narrativa de Fole, Cunqueiro ou Manuel Rivas.

A literatura oral popular defínese como un conxunto de xéneros moi variados de arte verbal creados, gozados, difundidos e conservados polo pobo. Caracterízase por ser unha literatura de execución e transmisión oral, cantada ou contada de xeración en xeración e conservada só a través da memoria. Presenta gran variabilidade na forma. É unha literatura anónima. Ten unha funcionalidade concreta, aceptada socialmente: divertir, ensinar, establecer lazos de unión entre membros dun grupo, ridiculizar defectos, facer máis levadeiro o traballo, galantear, criticar etc. Preséntase acompañada en moitas ocasións dunha melodía, no caso da poesía, e de elementos parateatrais, no caso da prosa. Podemos dividir o conxunto da literatura popular en dous grandes bloques, o Cancioneiro popular e a narrativa oral.

a) *Cancioneiro popular*

Está composto por alalás, aninovos, desafíos, enchoiadas, endechas fúne bres, ensalmos curativos, esconxuros, cantigas de maio, cantigas de berce ou arrollo, panxoliñas, parrafeos, regueifas, cantigas de Reis, cantigas de seitura, coplas satíricas etc. Todos estes tipos de cantigas populares utilizan un léxico corrente e unha sintaxe sinxela, van acompañados normalmente de música e préstanse en moitas ocasións para o baile. As estrofas son breves e están cheas de recursos nemotécnicos (para axudar a memorizar): repeticións, antíteses, paralelismos etc. As máis utilizadasson: a copla ou cántiga (catro versos de rima asonante alterna nos versos pares, xeralmente octosílabos ou hexasílabos); o terceto de octosílabos; a muiñeira de hendecasílabos.

b) *Narrativa oral*

Está composta por contos e lendas, ademais de refráns e adiviñas. As lendas adoitan dividirse en tres grandes grupos: *etiolóxicas* (narran a orixe ou causa dun feito, dun nome de lugar etc.), *haxiográficas* (referidas a feitos ou figuras relixiosas) e *históricas*. Os contos, pola súa vez, poden ser: *marabillosos* (personaxes fantásticos con poderes sobrenaturais: animais que falan, castelos encantados etc.), *exemplares* (aqueles que teñen unha función didáctica ou moral) e *humorísticos*.

LITERATURA CULTA NOS SÉCULOS ESCUROS

Apenas existen mostras literarias cultas escritas en galego entre os séculos XV e XVIII. As clases elevadas só cultivaron por escrito o idioma galego en contadas ocasións, en contextos privados (correspondencia epistolar) ou cunha función de contraste. Eses escasos textos cultos en galego escritos neste período non pretendían en ningún caso desprazar o uso ou cuestionar o status privilexiado do castelán.

As escasas manifestacións literarias cultas en galego dos Séculos Escuros que chegaron a nós redúcense ás seguintes:

Poesía

- *Cantar do Mariscal* e o *Romance do Mariscal*, coñecidos co nome conxunto de *Pranto da Frouseira*, son dous poemas anónimos de finais do século XV. A fortaleza así chamada, aquí personificada, maldí a traizón ao Mariscal Pardo de Cela por parte dalgúns dos seus servidores e chora o seu posterior axustizamento na praza de Mondoñedo.

- Varios sonetos de corte renacentista e barroco:
 - O “Soneto de Monterrei”, de autor descoñecido e datábel arredor do 1530. Aborda o motivo das “parcas”, seres mitolóxicos encargados de tecer os fíos da vida e a morte.
 - O soneto escrito en 1578 pola primeira muller galega escritora coñecida, a Condesa de Altamira, Isabel de Castro e Andrade.
 - Dous sonetos barrocos escritos con motivo da morte en 1612 da raíña Margarita de Austria: o chamado “Soneto con falda”, de Xoán Gómez Tonel, e o pranto “Respice finem”, de Pedro Vázquez de Neira.
- Saqueo de Cangas polos turcos”, en que se describen con vivo trazo a angustia e o pánico dos habitantes desa vila mariñeira do Morrazo cando foi atacada, o 9 de Nadal de 1617, por unha escuadra berberisca, que causou moita destrución e morte.
- As seis “Décimas ao Apóstolo Santiago”, escritas en 1617 polo crego santiagués Martín Torrado de Figueira, para criticar con humor o intento de nomear a Teresa de Ávila co- patroa de España, ao mesmo nivel que o Apóstolo.
- As denominadas “Composicións das Festas Minervais”. Trátase de 9 romances duns 80 versos cada un, de estilo barroco e idéntico tema (loa da figura do arcebispo Alonso III de Fonseca, 1474-1534), presentados ao concurso universitario das Festas Minervais da Universidade compostelá en 1697 e recollidos nun libro xunto con outras composicións en latín e español.
- Os “vilancicos” cultos de Nadal, compostos e interpretados por músicos de capela tanto en Galiza (Mondoñedo, Tui...) como en boa parte da Península Ibérica (Coímbra, Toledo, Valladolid, Zaragoza, Lisboa...). Escritos nunha mestura de galego e castelán ou de galego e portugués, segundo os casos, presentan unha galeguización da escena do Nadal, baseándose en certos paralelismos léxicos máis ou menos “forzados” (galego/galileo, Ourense/Oriente...) e identificando a pobreza en que naceu Xesús coa pobreza en que vivían os labregos galegos.

Teatro

Consérvase na Biblioteca Nacional de Madrid o manuscrito dunha breve peza teatral, de 433 versos repartidos en nove escenas, coñecida como *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* ou *Contenda dos labradores de Caldelas*. O seu autor foi Gabriel Feixó de Araúxo, probablemente ourensán. Este texto, datado en 1671, aborda os conflitos entre pescadores galegos e portugueses no río Miño, concluíndo coa súa reconciliación.

Prosa

De comezos do século XVI é a *Relazón da carta xecutoria e copias de os que venderon a Frouseyra...* na que se narra a traizón e morte do mariscal Pardo de Cella por orde dos Reis Católicos en 1483, facendo relación do nome e procedencia dos vinte e dous traidores. Consérvanse tamén algunhas cartas en galego de ou para o conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña. Nunha desas cartas, datada en Baiona en abril de 1605, apréciase ademais a estima en que o conde tiña o seu idioma.

A ILUSTRACIÓN

Os ilustrados galegos redactaron a maior parte das súas cartas, ensaios, informes etc. en español. Non obstante, lanzáronse nalgúns casos ao cultivo lírico do noso idioma, abrindo o camiño que conduciría ao Rexurdimento.

A principal obra literaria culta en galego da Ilustración é o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, escrito polo Padre Martiño Sarmiento en 1746. Trátase dun conxunto de 1.201 coplas ao estilo popular. Sarmiento non compuxo esta obra, que ficou incompleta, en realidade, por un afán estritamente literario, senón por recompilar de xeito máis ameno e creativo voces do galego que escoitou, leu e anotou durante a súa viaxe a Galiza en 1745.

O Padre Sarmiento é o pai da Filoloxía Moderna, pois é o primeiro que defende que o galego é una lingua románica e non un dialecto do castelán. Así o demostra recollendo voces e frases galegas e estudiando a súa evolución dende o latín. Catálogo de voces y frases gallegas.

Este ilustrado, defendeu tamén que os nenos /as tiñan que ser aprendidos na escola na súa lingua materna, é dicir: en galego,

Hai que salientar, no conxunto da literatura ilustrada, os vinte e catro poemas en galego coñecidos do “cura de Fruíme”, Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777). Expresa neles unha constante loanza de Galiza e da aldea, combatendo a mala imaxe e os insultos de que era obxecto a nosa terra.

Polo que ten de precursora, cabe citar tamén ao Padre Feixoo, a Xosé Cornide Saavedra e a Francisca de Isla e Losada (1734-1808), autora, cando menos, dun romance en galego escrito en 1775 e dedicado a Diego Antonio Cernadas. Esta escritora –como fixo máis tarde Rosalía de Castro- ordenou infelizmente queimar case toda a súa obra antes de morrer.

Tamén se conserva un texto teatral do s. XVIII, anónimo, intitulado *Entremés do portugués*, descuberto e publicado en 1985. Esta peza cómica, reacciona contra a visión deformada e negativa que existía dos galegos nesa época, afirmando a súa superior intelixencia a respecto de españois, franceses e portugueses.

LITERATURA POLÍTICA ANTIFRANCESA e ANTIABSOLUTISTA

No período 1808-1836, a guerra contra o invasor francés e a posterior loita entre absolutistas e liberais vai producir un uso escrito do galego que pon fin, aínda que precariamente, aos chamados Séculos Escuros.

Redáctanse na nosa lingua pretendendo imitar con fidelidade a fala popular. Nalgúns textos está testemuñada a diglosia social xa que, a carón do galego dos personaxes populares, aparece o castelán falado por cregos, avogados e persoas de alto rango. Este cultivo ten un marcado carácter utilitario: trátase de comentarios sobre a actualidade política, chamamentos á guerra contra o invasor francés, denuncias contra a Inquisición etc. De entre eles podemos sinalar:

- 1) *Proezas de Galiza* (1810) do coruñés Xosé Fernández Neira que escribiu un relato novelado das súas aventuras como soldado na guerra contra as tropas napoleónicas. Empregou como técnica o diálogo entre dous personaxes, Mingos e Chinto, que se contan un ao outro as súas respectivas peripecias bélicas e describen os atropelos cometidos polos invasores.
- 2) *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento* (1808), texto anónimo posto en boca dun labrego que fai un chamamento aos novos soldados para que combatan con ardor os invasores franceses en nome da Relixión, da Patria e do Rei.
- 3) *Os rogos de un gallego* (1813). Trátase dun longo poema escrito por un crego liberal, Manuel Pardo de Andrade. Foi editado na Coruña como texto anónimo. *Os rogos* son unha durísima denuncia literaria contra a Inquisición.
- 4) Varios diálogos e faladoiros, escritos doutriniais en forma de diálogo, case sempre anónimos. Estes textos reproducían presuntas conversas sobre a actualidade entre personaxes de orixe labrega. Escritos con fins proselitistas, case sempre a favor do bando liberal, teñen un carácter máis xornalístico ou propagandístico ca literario. Os máis importantes son:
 - A Tertulia en la Quintana.
 - Os Diálogos en la Alameda de Santiago.
 - A Tertulia de Picaños. Cinco interlocutores denuncian a corrupción dos empregados públicos e combaten as pretensións coruñesas de arrebatarlle a capitalidade e a Universidade a Santiago.

O Galego Medio. Características lingüísticas

No remate da Idade Media o portugués e o castelán acadaron a cosolidación como linugas de estado, mentres que o galego entrou nunha etapa de decadencia que vai durar tres séculos.


Xa no século XIV, Galicia sofre períodos de grande inestabilidade política. Os nobres galegos van apoiar a Pedro I e a Xoana a Beltranexa durante as guerras de sucesión polo trono de Castela, e nos dous casos, ambos aspirantes foron derrotados, o que provocou a marxinación e submisión do Reino. Teremos que agardar até o XVIII para escoitar as primeiras voces en defensa da nosa lingua e cultura.

Situación Sociolingüística:

Tras as guerras sucesorias, a coroa de Castela foi substituíndo a nobreza e o clero galegos por outro vidos de fóra e castelanfalantes, mentres a inmensa maioría da poboación seguía a ser monolingüe en galego, aínda que xa había unha pequena elite económica, política e cultural que se asimila á poder foráneo e asume o castelán como linuga de poder e prestixio. A penetración do castelán comeza nas capas altas da sociedade.

Baixo a autoridade destes nobres, obrígase, por exemplo a redactar todos os documentos notariais en castelán, así como o ensino. Influído por este contexto, o galego vai desaparecer tamén da literatura; a gran revolución que supoxo a imprenta non vai ter ningunha relevancia para a literatura galega, xa que só imos ter unha literatura de carácter popular e oral.

Gráfico que representa a perda de funcións do galego, que vai asumindo o castelán. Será no século XVIII cando os Ilustrados (Padres Feixoo e Sarmiento) comecen a recuperar a identidade cultural e lingüística, desta época son tamén os primeiros traballos rigorosos sobre a lingua.



Características lingüísticas do Galego Medio:

FONOLOXÍA:

- Desaparición das vogais nasais: *man / mao, bon / bo*
- Xeneralización dos ditongos –oi-, -ou-, -ei-: *moito, cousa, leira*
- Aparición da gheada e do seseo: *ghaliña, sapato*
- Enxordecemento e simplificación do sistema de sibilantes que quedan en /s/, /z/, /3/: *casa, facer / cabeza, igrexa*
- Creación do /tʃ/ = “ch”

MORFOSINTAXE:


- Distinción *te / che* para CD e CI: *quérote / quéroche dicir algo*
- Alternancia *llo / llelo*: *dillo / dillelo*
- Xeneralización do MNP *—ches* para a P2 dos pretéritos de indicativo: *fixeches*
- Xeneralización do MNP *—o* para a P3 dos pretéritos di indicativo irregulares: *quixo, dixo, fixo...*

LÉXICO:

- Comezan a entrar os castelanismos: *ayer, abuela, iglesia, pueblo...*
- Deturpación de topónimos e patronímicos: *Mellid, Sangenjo, Otero, Lage, Meijide...*

ORTOGRAFÍA:

- Confusión b / v: *haver / cavalo / boso...*
- Diferentes grafías para as consonantes palatais ñ e ll (que non existían en latín): *nn, ni, nh / ll, li, lh*



O entremés famoso sobre a pesca do río Miño, é unha peza teatral de Gabriel Feijoo de Araújo (1671)

Durante estes séculos o galgo vaise fragmentar e non vai consolidar un referente culto, xa que non se escribía en galego. A presión do castelán vai facer que se deturpe a lingua e dan comezo os prexuizos.

s. XV

REINO DE GALIZA

**Resistencia dos nobres galegos
ós Reis Católicos**
Artigo principal:
**Doma y castración
del Reino de Galicia.**



**“En aquel tiempo se comenzó
a domar aquella tierra de Galicia,
porque no sólo los señores
y caballeros della
pero todas las gentes
de aquella nación
eran unos contra otros
muy arriscados y guerreros
(cronista aragonés,
Jerónimo de Zurita)**

Escolma de textos:

RESPICE FINEM

*Morte cruel, esa tredora maña
de roubar de non cato a humana vida
con que ollos a podeche ver comprida
na santa Reina que hoxe perde España?*

*Se aquel rancor que te carcome e laña
che tiña a mao, para matar, erguida,
non deras noutra parte esa ferida
donde non fora a lástima tamaña?*

*Non se torçera aquel fatal costume
i a lei que iguala do morrer na sorte
os altos Reis cos baixos labradores?*

*Terrible, en fin, é teu poder, oh, Morte!,
pois diante de ti Reis e señores
son néboa, sombra, póo, son vento e fume.*

Pedro Vázquez de Neira

*A min chaman Teodomira,
señora do gran tesouro,
por estrela esclarecida
xago neste Valedouro*

*O vilán que me vendeu
máis que un mouro foi traidor
que de Lugo a Ribadeu
todos me tiñan temor*

*De min a triste Frouseira
que por treizón son vendida,
derribada na ribeira
ca xamais se veu vencida.*

*Per treizón tamén vendido
Jesús, noso Redentor,
e por aquestes treidores,
Pero Pardo, meu Señor.*

*Vinte e dous foron chamados
os que vendido o han
non por fame de sustento
de carne viño nin pan.*

*Eles quedan por tredores
e seu amo por leal
pois os Reis a súa filla
súas terras mandan dar.*

Anónimo

*Ao son do Miño e Mondego
bailai, pois Deus nasce xa
galego, que pouco va
de galileo a galego.*

Carlos Patiño